

Diferenciación curricular
Guía de observación

Revisa as cinco dimensións e elabora propostas de mellora para a situación de aprendizaxe:

	Indicadores	SI	NON
CONTEXTO	Existen diferentes tipos ou posibilidades de agrupamentos?		
	Hai combinación entre equipos heteroxéneos e homoxéneos?		
	Empréganse diferentes criterios para a formación dos equipos?		
	Hai posibilidades de traballar de forma individual?		
	Empréganse diferentes espazos ou localizacións?		
	Modifícanse os roles dos participantes no desenvolvemento da tarefa?		
	Hai posibilidade de axuda entre iguais?		
	Adáptanse os tempos ao alumnado e ao tipo de actividade?		
	Os recursos materiais son variados, versátiles, auténticos, adaptados?		
	Xérase un clima emocional divertido, emocionante e motivador?		
PRODUTO	Existen produtos en diferente soporte ou estilo expresivo?		
	Existen produtos de diferente grao de dificultade de execución?		
	Permítese a escolla do formato/canle da expresión do coñecemento?		
	Admítese a presentación da información adaptada aos intereses individuais?		
	Preséntase a información ou coñecementos a distintas audiencias?		
	Posibilítase a mellora das producións unha vez feitas?		
CONTIDO	Existen actividades simples e complexas?		
	Empréganse textos de distintos niveis de complexidade?		
	Empréganse distintas fontes de información para unha mesma tarefa?		
	Permítese o afondamento individual no contido a estudar/investigar?		
	Permítese o afondamento grupal no contido a estudar/investigar?		
	Foméntase a relación entre ideas, coñecementos e experiencias?		
	Empréganse recursos para organizar a información e planificar o traballo?		
	Empréganse recursos para fomentar o pensamento crítico e creativo?		
	Ofrécense preguntas/problemas de resposta pechada e aberta?		
	Ofrécense cuestións abertas con diferentes posibilidades de solución?		
PROCESO	Existen diferentes formas de acceso á información?		
	Hai flexibilidade na secuencia de actividades?		
	Planifícanse actividades que atendan aos diferentes ritmos de traballo?		
	Planifícanse actividades que atendan aos diferentes intereses e motivacións?		
	Hai actividades con distinto grao de axuda dos pares e do profesorado?		
	É posible empregar recursos materiais de apoio para realizar as actividades?		
	Hai actividades para realizar de forma totalmente autónoma?		
	Inclúense distintos procedementos e instrumentos de avaliación?		
	Inclúense distintos momentos e axentes avaliadores?		
	Practícase frecuentemente a retroalimentación formativa?		
	Combínase a aprendizaxe indutiva e dedutiva?		
DOCENTE	Adquire diferentes roles durante o desenvolvemento do traballo?		
	Acompaña ao alumnado durante o proceso de ensino-aprendizaxe?		
	Brinda diferentes niveis de apoio aos equipos e/ou alumnos/as?		
	Crea ou improvisa novos recursos e actividades durante as clases?		
	Dinamiza e promove un clima emocional favorable para a aprendizaxe?		
	Comparte as súas propias experiencias co seu alumnado?		
	Amosa os seus propios intereses e talentos na aula?		
	Modela condutas e actitudes na convivencia na aula?		